

Actividades para proxectos | Bloque 1: Presentación e organización de equipos. FORMACIÓN PROFESIONAL

FP Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

Mellor en equipo

	Educación Secundaria 16 a 20+ anos
	Nivel Medio
	Temporalización 8 sesións
	Socios 6 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os estudantes crean a súa tarxeta dixital de presentación para incorporarse a un equipo internacional que creará unha empresa. Os equipos celebrarán unha feira

empresarial virtual e cada equipo expoñeralle a súa empresa ao resto dos equipos socios do proxecto.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

1. Coñecer o alumnado socio.
2. Fomentar a comunicación e o traballo en colaboración.
3. Desenvolver a creatividade empresarial.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1: Preparación de equipos en cada centro socio

O profesorado asígnalle unha cor a cada un dos seus estudantes para que deseñe a súa tarxeta de presentación cun fondo coa cor que lle asignaron.

O número de cores é o número de centros que participan no proxecto. Esta actividade está preparada para 6 socios, por iso se escollen 6 cores: amarelo, morado, azul, laranxa, verde e vermello.

Un dos docentes socios crea un documento e compárteo en Google Drive (ou similar) co resto do profesorado socio. Cada docente de cada centro educativo socio insire unha táboa na que aparecen todos os seus estudantes, agrupados por cores, tal e como se ve nesta imaxe. Haberá estudantes de todas as cores en cada centro socio.

Titorial: [Creación e xestión de documentos en Google Docs.](#)

<https://docs.google.com/document/d/1hjn0WWsXekjfU77SNYKd1e-Dk7j1Z6apCLfytGqY07Q/edit?usp=sharing>

Nombre del centro educativo 1	Color asignado
Nombre y apellidos estudiante 1	Amarillo
Nombre y apellidos estudiante 2	
Nombre y apellidos estudiante 3	
Nombre y apellidos estudiante 4	
Nombre y apellidos estudiante 5	Morado
Nombre y apellidos estudiante 6	
Nombre y apellidos estudiante 7	
Nombre y apellidos estudiante 8	
Nombre y apellidos estudiante 9	Azul
Nombre y apellidos estudiante 10	
Nombre y apellidos estudiante 11	
Nombre y apellidos estudiante 12	
Nombre y apellidos estudiante 13	Naranja
Nombre y apellidos estudiante 14	
Nombre y apellidos estudiante 15	
Nombre y apellidos estudiante 16	
Nombre y apellidos estudiante 17	Verde
Nombre y apellidos estudiante 18	
Nombre y apellidos estudiante 19	
Nombre y apellidos estudiante 20	
Nombre y apellidos estudiante 21	Rojo
Nombre y apellidos estudiante 22	
Nombre y apellidos estudiante 23	
Nombre y apellidos estudiante 24	
Nombre y apellidos estudiante n	Más colores.

Paso 2. Preparación das tarxetas de presentación

Utilizamos a ferramenta educativa Canva (ou similar) á que se accede desde esta ligazón: <https://www.canva.com/>. As tarxetas poden crearse na aplicación dixital rexistrándose cunha conta común de correo electrónico para o proxecto.

Cada tarxeta incluírá o nome do estudante (pode ser ficticio), unha foto ou avatar, o nome do centro escolar, o tipo de empresa na que lle gustaría traballar (sanidade, administración, comercio, informática, automoción...) e un monumento ou lugar da súa cidade que lles guste.

Tutorial-2: Videotutorial de uso de Canva para a creación das tarxetas


<https://www.youtube.com/watch?v=xaCaKKjHQgE>

Tutorial-3: Rápido e visual videotutorial con Canva para tarxetas

<https://www.youtube.com/watch?v=grpul3VsmQA>



Cun único usuario e contrasinal facilítase que se dispoña de todos os produtos dixitais ao alcance de todos os participantes. Nesta figura aquí debaixo amósase como se almacenan todas as tarxetas na mesma conta.




Cada estudante descarga a súa tarxeta e gárdaa no seu equipo co seu nome e apelidos. Facilita así a súa xestión posterior nos espazos virtuais do proxecto.


Paso 3. Rexistro e acceso de estudantes no TwinSpace

Cada docente rexistra o seu grupo de estudantes no TwinSpace do proxecto con perfil de alumno-administrador, entrégalles as claves individuais de acceso, e indícalles a URL para entrar: <http://twinspace.etwinning.net>

Tutorial 4: <http://etwinning.es/perfiles-y-permisos-en-el-twinspace/?lang=es#more-5848>



O alumnado entra no TwinSpace do seu proxecto coas claves entregadas polo profesorado, a través da páxina de eTwinning, como amosa a figura.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 4. Creación de equipos internacionais

Os docentes crean unha páxina de actividades no TwinSpace co nome **EQUIPOS INTERNACIONAIS**. Créanse subpáxinas co nome das cores das tarxetas, que van ser tamén os nomes dos equipos internacionais: **AMARELO, MORADO, AZUL, LARANXA, VERDE e VERMELLO**.

Tutorial 5: <http://etwinning.es/es/gestion-de-paginas-en-el-twinspace/>



Paso 5. Inclusión do documento compartido na páxina EQUIPOS INTERNACIONAIS. Preparación dos equipos internacionais

Os docentes incrustan o documento compartido de Google Docs. creado anteriormente e a partir del créanse equipos internacionais. *O profesorado engádelle tamén a ligazón ao documento compartido, como se observa na figura de máis abaixo.*

Os alumnos dunha determinada cor agrúpanse xuntos nun equipo internacional (P. ex. todos os alumnos da cor amarela dos seis centros escolares socios van formar o equipo internacional **EQUIPO AMARELO**). Nesta táboa cada alumno dos diferentes centros socios incorporará a tarxeta creada previamente ao seu EQUIPO/COR.

Unha vez que o alumnado pode acceder ao documento compartido, neste caso en Google Docs., para inserir a tarxeta na táboa, co cursor nunha cela correspondente á súa cor, selecciona as opcións: inserir-imaxe-subir desde a miña computadora. Os equipos internacionais quedan así formados.



Paso 6: Subida de tarxetas de presentación ao TwinSpace

Coa finalidade de compartir as tarxetas con todos os socios do proxecto e estar dispoñibles para outras tarefas, cada alumno sobe a súa tarxeta á sección **MATERIAIS-IMAXES** do TwinSpace.




Fase 3: Comunicación e colaboración

Paso 7: Creación de foros de comunicación para os equipos internacionais

Na sección FOROS de TwinSpace créase un fío de debate para cada EQUIPO/COR no que os alumnos fan propostas e debaten sobre unha empresa futura na que poidan traballar todos os perfís do alumnado deste EQUIPO, independentemente da formación académica que estean realizando.

Tutorial 6: [xestión dos foros en TwinSpace](#)



Coa finalidade de facilitar o acceso e a comunicación dos estudantes no seu foro, enlázase cada subpáxina co foro correspondente.



Paso 8: Espazo de colaboración e chuvia de ideas para a creación de empresas

Os estudantes socios de cada EQUIPO interactúan no foro, fan a proposta de empresa, e deciden que nome vai ter. O nome da empresa pode utilizarse tamén para identificar o equipo.

Para que o alumnado decida en colaboración o nome da súa futura empresa, o profesorado crea un espazo para unha actividade de chuvia de ideas coa ferramenta [answergarden](https://answergarden.ch/788885) (ou similar) <https://answergarden.ch/788885>, que se incrusta na subpáxina correspondente ou no foro de cada EQUIPO.

Este espazo pode ser unha aplicación dixital de chuvia de ideas que incrustan no foro de cada equipo e nesta subpáxina do TwinSpace.


Tutorial 7: [Aplicación para chuvia de ideas](#)




Paso 9: Creación do logotipo da empresa

Coa mesma ferramenta que se empregou para crear as tarxetas de presentación individual ao inicio desta actividade, Canva (ou similar), <https://www.canva.com/> os estudantes de cada EQUIPO deseñan un logotipo para a empresa tendo en conta que se ten que empregar de maneira notoria a cor do equipo para facilitarlles aos participantes a asociación de cada empresa co equipo creador.


Tutorial 8: [Creación de logotipos con Canva](#)



Se se crean os logotipos cunha conta común, gárdanse todos tal e como se mostra na figura.



Cada equipo de alumnos sobe o logotipo da súa empresa á sección **MATERIAIS-IMAXES** do TwinSpace.



Fase 3: Presentación das empresas nunha feira empresarial virtual

Paso 10: Muro virtual para compartir os logotipos e a información das empresas creadas.

Os docentes crean un muro virtual coa ferramenta Padlet (ou similar) <https://es.padlet.com/> configurado para poder poñer comentarios, onde se expoñen os logotipos e a actividade de cada empresa simulando unha feira empresarial virtual.

Tutorial 9: [Padlet](#)


A ligazón ao muro é: <https://padlet.com/etwinningactividades/feriaempresarialvirtual>

Esta figura amosa a feira empresarial:



Cada alumno comenta as empresas nas que non participou e fai propostas de mellora.

Paso 11: Os docentes crean unha páxina de actividades no TwinSpace co nome **FEIRA EMPRESARIAL VIRTUAL** na que se incrusta O muro dixital Padlet.



Fase 4: Avaliación da actividade: Coñezo as empresas que se crearon no proxecto?

Paso 12: Os docentes crean unha páxina de actividades no TwinSpace co nome: **CONCURSO AVALIACIÓN: COÑECES OS TEUS SOCIOS?**

Nesta páxina vaise incrustar unha actividade multimedia autoavaliativa coa que cada estudante vai poder comprobar o grao de aproveitamento no proxecto.

Coa ferramenta dixital Learningapps (ou similar, <https://learningapps.org/>) os docentes crean unha actividade na que hai que relacionar imaxes de logotipos, imaxes referentes á actividade empresarial e mesmo arquivos de son. Hai que arrastrar e unir as opcións relacionadas. Ao rematar pódese comprobar se é correcta ou non a formación de parellas de información e refrescando a páxina permite repetir as veces que sexa necesario ata completala correctamente.

Os docentes preparan probas sinxelas para que así sexa máis atractivo. Un exemplo pode verse nesta ligazón: <https://learningapps.org/display?v=p42v24wen18>

Tutorial 10 [Learning apps](#)

Nesta figura, actividade de autoavaliación multimedia para comprobar se coñeces as empresas da feira:



Os docentes incrustan a actividade autoavaliación na páxina do TwinSpace **CONCURSO AVALIACIÓN: COÑECES OS TEUS SOCIOS?**



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Tarxetas dixitais
- Chuvia de ideas colaborativa
- Logotipos de empresa
- Feira empresarial virtual nun muro compartido
- Ferramenta dixital de concurso autoavaliación

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace do proxecto: páxinas de actividades, foros
- Documentos de Google, <https://docs.google.com/>
- Canva para a creación de tarxetas dixitais, <https://www.canva.com/>
- Chuvia de ideas e votación, <https://answergarden.ch/>
- Muro virtual Padlet, <https://es.padlet.com/>
- Para probas do concurso Learningapps, <https://learningapps.org/>
- Imaxes para fins educativos sen necesidade de citar, <https://pixabay.com/es/>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



Erasmus+

SchoolEducationGateway

